



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 1
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



1





Proba A1

Vostede ten que preparar unha sobremesa para levar a unha comida familiar e escoita na radio a seguinte receita dunha torta. Decide facela, pero non pode saír á compra porque ten que quedar na casa agardando a que lle entreguen un paquete certificado. Para solucionar o problema, decide escribirlle ao seu irmán unha **mensaxe electrónica**, de **150 palabras**, na que ten que:


- Saudalo e comentarlle a situación.
- Explicarlle que torta vai facer.
- Contarlle que ten que mercar el os ingredientes e indicarlle cales son.
- Dicirlle a que hora necesita ter a compra e darlle as grazas.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

Proba A2

Vostede recibiu unha mensaxe dunha amiga pedíndolle consello sobre un agasallo para un amigo común. Chámase Antón e pensa facer o Camiño de Santiago. Logo de ler a nova sobre CoreTres, escriballe unha **mensaxe electrónica** de resposta á súa amiga, de **150 palabras**, na que ten que:

- Saudala e comentar a mensaxe recibida.
- Explicarlle as razóns polas que deben comprarlle ao seu amigo unha das pezas mencionadas na nova.
- Comentarlle as vantaxes do tecido impermeable CoreTres.
- Despedirse e propoñerlle un día para quedar.

De:	merce@hotmail.com
Para:	ondas1@hotmail.com
Asunto:	o agasallo para Antón

Ola, que tal?

Eu, un pouco apurada co agasallo de Antón, non se me ocorre nada para mercarlle, ti tes algunha idea? É que non sei que lle podemos regalar. Con iso de que quere facer o Camiño de Santiago, se cadra é mellor comprarlle algo para facelo, un impermeable, unha mochila, non sei... E outra cousa, temos que quedar para compralo. A ti que día che vai mellor? Eu teño as tardes libres, así que se queres quedamos esta semana.

Bicos,
Merce

Roupa impermeable CoreTres


O final do século pasado foi unha etapa de descubrimento para a casa Core. Os primeiros anos deste século actual trouxeron a nosa primeira patente e con ela o recoñecemento mundial.

Nestes últimos dez anos, o tecido CoreTres, o noso revolucionario tecido impermeable, cortaventos e transpirable, empezou a venderse no mercado especializado e a uns prezos moi económicos.

A constante innovación deu lugar a numerosos novos artigos. Temos produtos impermeables e transpirables incluso debaixo da auga, pezas que poden suprimir o olor corporal e unha versión ultralixeira e moi fina na roupa exterior, moi fácil de vestir e de gardar nas viaxes, debido ao pouco peso e volume.

A nosa tradición de innovación continúa, grazas a produtos deseñados para aumentar o nivel de comodidade no traballo e no ocio, poñendo á venda cazadoras, plumíferos, chubasqueiros, pantalóns, medias, calcetíns, luvas, gorros... Calquera peza de roupa que precisas podes atopala na marca CoreTres.





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.